

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE FEBREIRO DE 2010

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/2111/2009.- Daniel González Franco.- Vivenda unifamiliar no lugar de Corexo.

Lic/206/2007.- ASPAS (Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual).- Edificio de Servizos e Comedor no ámbito da parcela que a entidade ocupa na rúa Teresa Jornet nº 9

Lic/1790/2009.- María del Carmen Suárez Mallo.- Legalización das obras de ampliación e reconstrución dunha vivenda unifamiliar sita na rúa do Romáño nº 9.

Lic/946/2009.- Empresa de Transformación Agraria, S. A.- Legalización da ampliación dunha nave en Vía Pasteur nº 29 – 31- Polígono do Tambre.

Lic/84/2010.- Raquel María Sangiao Illobre.- Ampliación dunha vivenda unifamiliar na rúa do Padronés nº 19.

Lic/1189/2009.- Oscar Salgado Castro.- Vivenda unifamiliar na rúa Casal do Castiñeiriño nº 43.

ESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á CADUCIDADE E PRÓRROGA DE LICENZA.-

Lap/267/2006.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, S. A.- Construción e apertura dun residencial comunitario de 15 unidades, locais, garaxes e rochos na parcela 4, bloque7 do Polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

Lic/2607/2004.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, S. A.- Construción dun edificio de 44 vivendas na parcela 4, bloque 6 do Polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

PRÓRROGAS.-

Lic/135/2010.- José Ramón Del Río González.- Vivenda unifamiliar na rúa dos Porróns.

SUBSANACION DE ERRO.-

Lic/2343/2009.- Antonio Álvarez Moreno e María Jesús Espinosa Castiñeiras.- Cambio de titularidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de 30 de xuño de 2009 para rehabilitación dunha edificación en Santa Marta, no ámbito do PERI-3.

REVISIÓN DE LICENZA.-

Lic/2929/2004.- Rehabilitación e ampliación e apertura dunha actividade hoteleira de catro estrelas.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/400/2007.- SUPERMERCADOS LORENZO-FROIZ SA.- Instalación de Montacargas na rúa do Toural nº2 baixo.

LIC/1859/2006.- Dona LUISA DÍAZ SÁNCHEZ.- Demolición de edificio na rúa do Espírito Santo nº 7.

LIC/1860/2006.- Dona LUISA DÍAZ SÁNCHEZ.- Construción de edificio para 3 vivendas na rúa do Espírito Santo nº7.

RECTIFICACIÓN DE ERRO EN LICENZA

LIC/2535/2008.- Don DAVID ANDRADE- Rectificación de erro cometido na licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local do 22.12.2009 para reforma interior de vivenda unifamiliar na rúa das Hortas nº4.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da composición do xurado do III premio Internacional "Compostela" de álbums ilustrados. Ano 2010.

Apróbase a composición do xurado, que estará presidido polo alcalde e, por delegación, pola concelleira de Educación, e integrado por Xabier Senín, Eduardo Filipe e Gustavo A. Rosemfett "Gusti". Polas entidades convocantes estará o xefe do Departamento de Educación, Xosé M. Rodríguez-Abella e a representante de Kalandraka Manuela Rodríguez.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á solicitude do programa europeo "axudas ás familias", programa europeo Gruntvig de educación permanente de adultos.

Acórdase solicitar o devandito programa para dous cursos escolares: 2010-2011 e 2011-2012.

6.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á provisión de postos de traballo de xefes de negociado por concurso de méritos en cumprimento da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Acórdase o nomeamento dos devanditos funcionarios para os postos de traballo de xefes de negociado que en cada caso se precisan.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a clasificación dos gastos das subvencións non nominativas.

Acórdase a clasificación dos devanditos gastos, que fan un total de 188.000 euros previsibles para o ano 2010 a esta partida.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á autorización do gasto para a realización dos programas de prevención de drogodependencias.

Autorízase un gasto de 43.908 euros para a realización destes programas.

9.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

37.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Saneamento relativa á rectificación do acordo nº 49 desta Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2009.

Procédese á rectificación do acordo.

38.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á autorización solicitada pola asociación Síndrome de Down Compostela referente á parcela concedida polo Concello para a construción dun centro de servizos.

Adóptase o acordo nos termos contidos no informe da xefe da sección de Patrimonio, polo que se concede a título gratuíto e polo prazo de 30 anos prorrogables, un dereito de uso na devandita parcela.

39.- Dar conta da sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais.

Dáse conta da sinatura da addenda

URXENCIAS

1. Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á provisión dunha praza de psicólogo/a.

Acórdase a provisión dun posto de psicólogo/a para o reforzo dos recursos do Centro de Información ás Mulleres, co obxecto de levar a cabo diversos programas.

2. Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de incentivo de xubilación e contratación dun interino/a.

Apróbase o recoñecemento dun incentivo de xubilación a unha empregada municipal.

3. Revisión de prezos do contrato de subministro de material de oficina consumible para o Concello de Santiago de Compostela LOTE I e LOTE II.

Acórdase a revisión dos prezos de adxudicación conforme á variación do IPC entre decembro de 2008 e decembro de 2009 dos contratos de subministro de material de oficina consumible para o Concello de Santiago de Compostela (Lotes I e II), adxudicados respectivamente ás empresas ROYAL OFY, S.L. e MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, S.L.

4. Desenvolvemento de programas en materia de drogodependencia.

Acórdase prorrogar o convenio de cooperación coa Consellería de Sanidade e dar conformidade ao desenvolvemento dos programas e servizos que, en materia de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas, se propoñen realizar, para o ano 2010 no marco do Plan de Galicia sobre Drogas, os dispositivos dependentes deste Concello dedicados a tal fin.

5. Aprobación da celebración da Copa de España de Fútbol Sala.

Acórdase a celebración da XXI Copa de España de Fútbol Sala no Multiusos Fontes do Sar así como a sinatura do contrato coa Liga Nacional de Fútbol Sala. O custo ascende a 150.000 euros.

6. Adxudicación definitiva do servizo de lacería de recollida de animais abandonados no termo municipal de Santiago de Compostela.

Adxudícase definitivamente o contrato do servizo de lacería de recollida de animais abandonados no termo municipal de Santiago de Compostela á empresa SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA SL, por importe de 36.637,93 euros máis IVE.

7. Aprobación de gasto de mantemento para as instalacións deportivas municipais.

Apróbase un gasto de 18.000 euros.

8. Adxudicación definitiva do contrato de xestión e dinamización sociocultural e comunitaria da rede municipal de centros socioculturais do Concello.

Adxudícase definitivamente o servizo á empresa ARASTI BARCA por importe de 767.000 euros.